

PROPOSTA PLAN DE ACTIVIDADES 2009

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

1.- Servizos de apoio á investigación que se está a desenvolver na nosa comunidade autónoma:

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas e portais e servizos de información.
2. Estudos de avaliación da nosa colección de recursos electrónicos: estudos de usuarios, de uso do e-recursos, de consumo de información,...
3. Incorporación dos currículos dos investigadores dos grupos de investigación das tres universidades galegas.
4. Creación dun sistema de análise da produción científica que abrangue os formatos de datos ISI, Scopus, CSIC,.... e albergue a produción científica desenvolvida en Galicia
5. Representación e visualización da produción científica de Galicia albergada no sistema anteriormente citado
6. Apoio as convocatorias desenvolvidas no ámbito da investigación, aportando os indicadores bibliométricos solicitados por calquera dos membros do consorcio.
7. Soporte técnico aos Centros de investigación no acceso aos recursos electrónicos contratados por Bugalicia.
8. Colaboración co SERGAS naqueles proxectos que sexan de interese común ás dúas institucións (formación e contratación), co fin de optimizar os recursos investidos.
9. Elaboración dun listado de revistas de ciencias sociais e humanidades que poda servir de punto de partida para a avaliación deses ámbitos de coñecemento.

2.- Servizos de apoio ás TIC nas bibliotecas:

1. Colaboración na explotación dos sistemas de xestión bibliotecaria do SUG
2. Soporte técnico e mantemento dos listados dos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
3. Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio
4. Mantemento da aplicación SFX : actualización mensual do sistema e actualizacións periódicas dos recursos contidos na web.

5. Implementación de Metalib en Bugalicia e actualizacións periódicas de KB de Metalib
6. Administración do servidor de SFX/Metalib: Control do servidor, actualizacións do Oracle, backup, etc..
7. Posta en marcha dun recolector dos repositorios institucionais do SUG
8. Implantación das diferentes ferramentas da biblioteca 2.0
9. Posta en marcha das novas webs do consorcio: cbug.es como web más institucional e bugalicia.es como web de recursos e servizos.

3.- Servizos de apoio a formación continuada do persoal bibliotecario galego organizando cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias.

- Organización dunhas xornadas de traballo centradas en repositorios institucionais.
- Organización de cursos de formación propios (en función da alta censal en IVA): cursos de inglés para bibliotecarios, cursos de indicadores bibliométricos, cursos de análise da produción científica,...

4.- Colaboracións noutras iniciativas bibliotecarias.

1. No ámbito galego:

- Colaboración coa ACSUG no observatorio de produción científica de Galicia.
- Colaboración coas universidades galegas na organización de eventos que posibiliten a visibilidade do servizo Bugalicia como apoio á investigación do SUG.
- Colaboración coas Consellerías de Medio Rural, Medio Ambiente e Pesca da Xunta de Galicia.
- Colaboración co SERGAS (basicamente en temas de formación e contratación)

2. A nivel nacional:

- Firma de Convenio de colaboración con REBIUN
- Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias doutras Comunidades Autónomas
- Colaboración coa FECYT na posible posta en marcha do proxecto de contratacións de e-recursos a nivel estatal.
- Participación co Grupo Español de Usuarios de Innopac (GEUIN)
- Colaboración como socios fundadores da Asociación Expania (grupo de usuarios de SFX/Metalib)